

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA



[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1 Datos básicos do centro.
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3 Breve xustificación do mesmo.
- 1.4 Proceso de elaboración.

2. Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3 Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción.
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. *Introdución:*

1.1. *Datos básicos do centro:*

- **Nome do centro:** *Ceip Plurilingüe Ribadavia.*
- **Código do centro:** *32011305.*
- **Correo:** ceip.ribadavia@edu.xunta.es.
- **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia/>.
- **Etapas educativas:** *Educación Infantil e Primaria.*
- **N.º Alumnado e profesorado:** *262 alumnos e 29 mestres.*

1.2. *Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro:*

Na Sociedade da Información e das Novas Tecnoloxías na que estamos camiñando, a importancia que deben ter estas ferramentas na práctica docente diaria ten que ser cada vez maior. Co propósito de achegar a vida diaria do alumnado á escola, a utilización das TIC no noso centro foi en aumento, tendo un papel moi importante a implicación de todo o profesorado na súa implantación na práctica docente ordinaria.

O alumnado de Infantil e Primaria de hoxe en día nace xa tendo acceso a novos equipos e ferramentas que fan que a súa motivación para aprender con estas tecnoloxías sexa moi superior á que lle ofrece o uso exclusivo do papel e do lapis. Non hai alumnos/as desmotivados, senón métodos que non son totalmente adecuados ás súas características. Así, o proceso de ensinanza-aprendizaxe evoluciona cara o uso das TIC na vida diaria do alumnado e do profesorado.

A propia lei inclúe entre as sete competencias clave a "Competencia dixital." Esta competencia supón a utilización e dominio por parte do alumnado das novas tecnoloxías da información e da comunicación, cunha capacidade crítica importante para un bo uso das mesmas. É misión da escola dotar ao noso alumnado das

ferramentas necesarias que garantan a súa iniciativa e espírito emprendedor e que saiba en todo momento tomar as decisións correctas diante do enorme caudal de información que aportan estas ferramentas. Hai que ter en conta que non todo o que hai na rede é bo nin todo cumpre cuns estándares mínimos de calidade.

Todo isto fai que na escola teña que haber un cambio substancial na metodoloxía a empregar e no tipo de actividades que se poden levar adiante na práctica educativa diaria. O feito de poder contar con estas novas ferramentas debe levarnos a un uso continuado das mesmas e a un aproveitamento xeral das novas tecnoloxías. Estas teñen que estar incluídas en todas as materias e deben utilizarse como unha ferramenta máis totalmente integrada no currículo. Pensamos que máis que facer un apartado para as novas tecnoloxías, como se fora unha nova materia, debemos traballar para que estas se inclúan en todas as materias cun uso continuado das mesmas aplicado en todas elas.

Resulta evidente que é necesario dotar ao alumnado duns coñecementos importantes sobre as TIC para que poidan desenvolverse axeitadamente coas mesmas. Isto pode conseguirse mediante o tratamento de conceptos propios da Informática que estarán incluídos nas distintas materias, promovendo un uso continuado da aula de Informática do Colexio.

Facendo un pouco de historia sobre o uso no noso centro das TIC, podemos dicir que nos últimos anos deuse unha lenta pero progresiva incorporación destas ferramentas á práctica cotiá. Promoveuse formación á que asistiron un bo número de mestres/as.

Por outra banda, no centro temos acceso a Internet a través de puntos de acceso por cable en todas as aulas e tres puntos de acceso Wi-Fi, repartidos polo edificio principal, dando cobertura aos ordenadores portátiles. Ademais contamos con catro aulas E-Dixgal, con ordenadores para todo o profesorado e alumnado E-dixgal (5º e 6º de Educación Primaria) cos carros de carga correspondentes para cada aula.

En conclusión, a finalidade deste Plan Dixital é aumentar a competencia dixital dos docentes e do alumnado, de tal maneira que cambie a metodoloxía e o proceso de ensino–aprendizaxe esperte un maior interese polo estudo, chegando a todo o alumnado.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,***

O Plan Dixital é un instrumento de planificación integrado no PE que persigue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza aprendizaxe. Será un documento vivo que contén os acordos acadados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares.

Atopándonos na era das tecnoloxías, e tendo en conta a importancia que estas teñen para o alumnado, tanto os proxectos individuais de aula, como os de centro, xiran en torno ás TIC, contribuíndo así á Competencia dixital do alumnado.

O **Plan de mellora de bibliotecas escolares** do centro é o eixe central de todas as actividades do centro, fomentando o traballo TIC en cada unha delas, ben para promover o seu uso ou ben para levalas a cabo. E-dixgal , estando implantado en 5º e en 6º de educación primaria , facilita o acceso e a contribución a estes proxectos por parte do alumnado.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

Este Plan Dixital 1.0 pretende ser o eixo central da nosa programación. Para elo, dispoñemos dunha liña de formación específica en novas tecnoloxías, que nos faciliten novos coñecementos e facilidade para seguir integrándoas na vida diaria do centro. Esta formación irá tamén dirixidas ás familias, de xeito que integren as TIC na forma de comunicación co centro.

Será polo tanto, un instrumento que forme parte do *Proxecto Educativo*, do *Proxecto de Dirección* e da *Programación Xeneral Anual (PXA)* do curso 2022/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo:

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá ha acelerado cambios profundos na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democráticas, entre outros.

A Lei tamén insiste na necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. Por tanto, o desenvolvemento da Competencia Dixital é clave para que, tanto o profesorado como o alumnado, poidan desenvolverse nos novos escenarios, de maneira que o alumnado poida desenvolver as habilidades e competencias do século XXI, e o profesorado poida mellorar e modernizar os procesos de ensino-aprendizaxe. É por iso,

que todas as accións educativas que leven a cabo nos centros necesitan que se garantan tres piares básicos que conforman un trinomio indivisible: pedagogía, tecnoloxía e espazos inspiradores, onde cada elemento só ten sentido pola súa conxunción co resto.

A **contextualización normativa** en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. *Proceso de elaboración*

O deseño do Plan Dixital do Centro debe recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo da escola no seu proceso de cambio e mellora.

O plan dixital central permitirá á comunidade educativa:

1. Visualizar onde se quere que chegue o centro.
2. Comprender onde está actualmente.
3. Debuxar o camiño que conduce dun estado ao outro.

Estas orientacións desenvolvéronse tendo en conta o marco europeo para organizacións educativas competentes dixitalmente (DigCompOrg), desenvolvidas polo Centro de Investigación Común (JRC, Centro de Investigación Mixta), da Comisión Europea.

Actualmente, o Marco Común de Competencia Dixital Docente está en proceso de revisión e actualización por unha comisión composta por representantes do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e Formación do Profesorado do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Comunidades Autónomas.

O **Plan Dixital** levouse a cabo dende o mes de Novembro de 2021 ata Xuño de 2022.

Cada centro está distribuído nun grupo ADIX; no noso caso, e tendo en conta a ubicación do centro, estamos no grupo ADIX_OU1. A mentora do noso centro, unha vez en contacto con nós, facilitounos acceso á aula virtual onde se ían programando tarefas.

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/enrol/index.php?id=18>)

A primeira parte de Plan foi a creación do cuestionario **SELFIE**, que posteriormente cubriu o alumnado e profesorado do centro.

A segunda parte consistiu na realización do **Test CDD**, informe que ofrece resultados de autorreflexión do profesorado do centro que participou no test, para comprobar o nivel de competencia dixital de cada un deles e así poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

Unha vez obtidos os resultados de ambos cuestionarios, o equipo de dinamización do Plan Dixital comezou ca súa análise para a posterior elaboración do **DAFO** e así establecer os obxectivos prioritarios para o Plan de Acción que se levará a cabo no curso 2022/2023.

A organización do noso equipo foi un proceso complexo xa que os horarios non nos permitían traballar conxuntamente, dificultando o momento de análise e reflexión, parte indispensable para a elaboración do DAFO. Tamén tivemos varias reunións cos membros do equipo directivo onde analizamos as características do centro e decidimos cales serían os obxectivos do Plan de Acción, que veñen reflectidos no punto 3.1 do presente Plan.

O proceso de elaboración remata coa redacción do Plan Dixital do centro.

2. Situación de partida:

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** a conectividade no centro é boa. Contamos con conexión cableada en todas as aulas e tamén con dous puntos Wi-Fi no centro. Temos rede Abalar nas aulas de 3º Ciclo.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
 - O equipamento do noso centro distribuído por aulas é o seguinte:
 - **12 aulas de Educación Primaria:** proxector, PDI e ordenador portátil ou de sobremesa. As 12 aulas **si** están dixitalizadas.
 - **4 aulas de Educación Infantil:** proxector, PDI e ordenador portátil ou de sobremesa. As 4 aulas **si** están dixitalizadas.
 - **Aula psicomotricidade:** proxector, PDI e ordenador portátil ou de sobremesa. A aula **si** está dixitalizada.
 - **Aula PT1:** proxector, PDI e ordenador portátil ou de sobremesa. A aula **si** está dixitalizada.
 - **Aula PT2:** non hai equipamento. A aula **non** está dixitalizada.
 - **Aula AL1:** ordenador de sobremesa. A aula **non** está dixitalizada.
 - **Aula AL2:** ordenador de sobremesa. A aula **non** está dixitalizada.
 - **Aula música:** proxector, PDI e ordenador portátil ou de sobremesa. A aula **si** está dixitalizada.

- **Sala mestres:** 4 ordenadores de sobremesa (PROPIEDAD DO CENTRO) proxector e pantalla branca para desenrolar ao proxectar. A sala de mestres **non** está dixitalizada.
 - **Dirección:** 1 ordenador de sobremesa (PROPIEDAD DO CENTRO). O despacho **non** está dixitalizado.
 - **Xefatura de estudos:** 1 ordenador de sobremesa (MAC obsoleto PROPIEDAD DO CENTRO). O despacho **non** está dixitalizado.
 - **Secretaría:** 1 ordenador de sobremesa (MAC obsoleto PROPIEDAD DO CENTRO). O despacho **non** está dixitalizado.
 - **Administración:** 1 ordenador de sobremesa (PROPIEDAD DO CENTRO).
 - **Orientación:** 1 ordenador de sobremesa (PROPIEDAD DO CENTRO).
 - **Aula informática:** 8 ordenadores (PROPIEDAD DO CENTRO), 1 proxector e taboleiro branco. A aula **non** está dixitalizada.
 - **Biblioteca:** 1 ordenador de sobremesa (PROPIEDAD DO CENTRO), 1 proxector e taboleiro branco. 2 ordenadores de sobremesa para uso do alumnado. A aula **non** está dixitalizada.
- *O equipamento do noso centro distribuído ao alumnado é o seguinte:*
- Alumnado de 5º e 6º: Ordenador persoal E-dixgal.
- *O equipamento do noso centro distribuído ao profesorado é o seguinte:*
- Profesorado impartindo en 5º e 6º: 1 ordenador persoal E-dixgal.

● **Servizos dixitais educativos:**

O centro conta cos seguintes servizos dixitais educativos que facilitan a vida diaria do profesorado:

- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia/>
- Aula virtual:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia/aulavirtual/>
- E-dixgal.
- Espazo Abalar.
- Abalarmóbil.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** ao posuír equipamento informático mercado polo propio centro, temos a obriga de contratar a un servizo técnico informático externo, xa que a Consellería non se encarga dos arranxos. O problema aparece cando estes non son arranxados de xeito inmediato, deixándonos sen servizo durante un tempo.

Por outra banda, contamos tamén co mantemento da UAC para o equipamento proporcionado pola Xunta e o *Servizo Premium* de E-dixgal para o seu propio equipamento.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO, empregouse a ferramenta SELFIE, que reúne, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo en que se utiliza a tecnoloxía no centro. Organiza a información segundo os bloques ou áreas que recolle o informe resultante da realización desta autoavaliación. Os cuestionarios que presenta para o auto-diagnóstico son de tres tipos, segundo a quen queira dirixirnos. Estes tres cuestionarios contan cunha serie de preguntas básicas (e obrigatorias ou fixas) organizadas en seis áreas de práctica comúns:

Área A: liderado

Área B: infraestrutura e equipos

Área C: desenvolvemento profesional continuo

Área D: ensino e aprendizaxe

Área E: prácticas de avaliación

Área F: competencias dixitais do alumnado.

Desta forma, o informe de centro SELFIE pódenos ofrecer información sobre puntos fortes e débiles das nosas organizacións educativas con relación á dixitalización destas e como esta dixitalización contribúe a mellorar a aprendizaxe do alumnado. Por último, ter en conta que SELFIE pode utilizarse máis adiante para avaliar os avances realizados e axustar o plan de acción.

Os datos recollidos no *CEIP Plurilingüe "Ribadavia"* para a posterior elaboración do Plan Dixital, foron os seguintes:

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	2.9
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	4.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.4
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.4
	Profesorado	4
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.4

1.3. Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	26	65.4%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	3	5	60%
OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76.5	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	43.4	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	81.7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	1	4.3 %
Explorador/a A2	8	34.8 %
Integrador/a B1	8	34.8 %
Experto/a B2	5	21.7 %
Líder C1	1	4.3 %
TOTAL	23	99.9 %

Outras fontes:

A análise de datos do centro para a realización do DAFO levouse a cabo por medio de diferentes documentos proporcionados pola mentora ADIX.

Comezamos coa análise dos **tres POR QUES**, onde valoramos os aspectos de maior puntuación, de menor e maior discrepancia, analizando posteriormente as posibles causas dos resultados. Despois realizamos unha **análise cualitativa**, onde fomos valorando individualmente os distintos aspectos internos e externos analizados no SELFIE para decidir posteriormente si se trataba de debilidades ou fortalezas no caso dos aspectos internos, ou ben de ameazas ou oportunidades no caso dos externos. O último paso foi a **análise cuantitativa**, onde analizamos os datos numéricos dos resultados acadados no SELFIE e en función da puntuación de referencia, decidimos si se trataba de debilidades, fortalezas, ameazas ou oportunidades.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital. Unha análise DAFO é simplemente a valoración de aspectos internos e externos que afectan a un centro educativo, e que son imprescindibles para o seu correcto funcionamento, e polo tanto, para a súa análise.

Como o seu nome indica, valoramos as **Debilidades**, **Ameazas**, **Fortalezas** e **Oportunidades** do centro, sendo os resultados os seguintes :

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - C1. Emprego dos medios necesarios na vida diaria da aula. - C2. Oportunidade para mellorar os dispositivos dixitais. - C3. Existencia dunha boa conexión a Internet. - C8. Dispositivos para todo o profesorado e alumnado E-dixgal, ademais dun aula de informática e a sala de mestres. 	<ul style="list-style-type: none"> - C5. O profesorado actúa como técnico informático, confundido á comunidade educativa ao pensar que son funcións propias do equipo tic. - C7. Sabemos da existencia da Lei de protección de datos, pero non a coñecemos en profundidade. - C8. Ordenadores antigos e obsoletos que xa non actualizan ou están fallando continuamente.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - D1. Falta de tempo e experiencia no emprego de tecnoloxías dixitais. - B2. Emprego diario das Tic. - D2. Oportunidade de formación continua sobre contidos dixitais a través dos PFPP. 	<ul style="list-style-type: none"> - B2. Dúbdas sobre o beneficio do ensino dixital. - D3. Non existen intercambios de experiencias. - E2. Non creamos recursos dixitais. - E3. Uso esporádico de plataformas e

		<ul style="list-style-type: none"> - E1. Búsqueda activa na rede de recursos educativos, pero poucos deles son recursos dixitais. - E3. Emprego do entorno virtual a diario a raíz da implantación de Edixgal. - E4. Comunicación continua coas familias a través de Abalar e outras ferramentas dixitais. - F4. Implicación e motivación á hora de traballar por medio das TIC. - F5. Traballo colaborativo en 3º ciclo por medio de ferramentas dixitais. 	<p>aplicativos online como moodle, genially, canva, webex, aula virtual do centro...</p> <ul style="list-style-type: none"> - F1. Emprego de métodos tradicionais para favorecer a retroalimentación co alumnado. - F3. Uso esporádico de plataformas e aplicativos online como moodle, genially, canva, webex, aula virtual do centro... - F6. Non utilizamos as TIC en proxectos interdisciplinares co alumnado. - G1. Non se empregan tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado. - G3. A retroalimentación por medio das TIC ten un uso esporádico no centro. - G5. Non empregamos os recursos dixitais para levar a cabo a autorreflexión do alumnado.
	<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		
	<p>ALUMNADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - C8. E-dixgal favorece o coñecemento e o uso das distintas ferramentas dixitais que teñen ao seu alcance. - H6. Valoración dos traballos TIC das 	<ul style="list-style-type: none"> - H8. As novas tecnoloxías non se empregan como medio de comunicación, senón como recurso de ampliación, reforzo...

	<p>compañeiras e compañeiros a través de exposicións.</p> <p>-H1, H3, H4. Ensino adecuado da utilización de redes, ter sentido crítico coa información da que dispoñen e uso adecuado das redes sociais.</p> <p>-H7.Proporción de nocións básicas de funcionamento en distintas ferramentas dixitais, para que poidan realizar de xeito autónomo diferentes traballos.</p>	
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<ul style="list-style-type: none"> - A1.Existencia dunha estratexia dixital, pero realmente é deficiente e precisa unha mellora. - A2.Existencia de medios dixitais ao alcance pero non se emprega de xeito estratéxico. - B1.Non existe unha avaliación do proceso.

<i>EXTERNOS</i>	<i>OPORTUNIDADES</i>	<i>AMEAZAS</i>
------------------------	-----------------------------	-----------------------



CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Aportación de fondos económicos pola participación en programas de innovación como os contratos programa, os plan proxecta ou as seccións bilingües. - Existencia anual de diversos Proxectos de Formación Permanente do Profesorado. - Máis do 90% do profesorado é definitivo no centro. - Estabilidade laboral no persoal non docente. - Envía ocasionalmente algún material dixital solicitado. - Envío dalgunha dotación económica para poder renovar as instalacións. - Posibilidade de novas dotacións por parte da administración para actualizar os medios dixitais. - Elaboración do plan dixital de centro- 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de axudas económicas directas e de dotacións por parte da administración para actualizar os medios. - A administración tarda en cubrir ou non cubre as baixas do persoal docente, o que supón unha sobrecarga aínda maior de traballo. - Falta de axudas económicas directas. - Falta de apoio técnico gratuíto. - Excesiva burocracia e papeleo que restan tempo do xa inexistente. - Contratación de técnicos alleos ao centro para o arranxo dos equipos.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> - Moita carga lexislativa e burocrática, que lle quita tempo para o ensino-aprendizaxe dixital.
	CONTORNA	-Contorna cunha condición socioeconómica media-baixa.	

		<ul style="list-style-type: none"> - Emprazamento nun entorno rural pero con potencial a nivel de educación ambiental que nos permite realizar actividades fóra do centro. - Boa conectividade, chegando a fibra a toda a vila. 	
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - Constitución dunha nova ANPA. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración coas entidades da contorna(Concello, Biblioteca,Museo...) ofertándonos actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> - B3.Non se realizan colaboración con outras organizacións, ben por descoñecemento da súa existencia ou ben por falta de tempo.
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado, en xeral, emprega algún medio dixital no fogar con fins de ocio; rara vez o fai con fins educativos. A maioría da competencia dixital das familias é mellorable.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Un obxectivo é un resultado desexado que se espera acadar coa execución das actividades que integran un proxecto, empresa ou entidade. Estes obxectivos deben ser medibles ou cuantificables, realistas e limitados no tempo. >En definitiva, son o que esperas ter logrado ao rematar un proxecto. Asimesmo, este plan de acción o que se pretende é mellorar o uso das TIC no centro. Para isto establecemos 6 obxectivos que consideramos prioritarios e realistas, de maneira que os poidamos ir acadando nos prazos establecidos.

O Plan de Acción do centro establece unhas áreas prioritarias que quere acadar, entre as que se atopan:

- Mellora da comunicación a nivel interno, entre profesorado e alumnado, como externo, a nivel de familia-centro.
- Inventario do material Tic do centro.
- Formación das familias no uso de aplicacións oficiais da consellería.
- Formación do profesorado na aula virtual.

Para obter os obxectivos a acadar durante o vindeiro curso, analizamos as debilidades na análise DAFO para poder secuencialos e levalos a cabo. Desta maneira, decidiuse que os obxectivos a incluír no Plan de Acción son os seguintes:

"Área/s de mellora": LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1	<i>Empregar medios de comunicación oficias coas familias (Abalar e Abalarpro). (A2)</i>				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Equipo Tic.				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO	DO	Porcentaxe de titores que empregan a ferramenta Abalar e AbalarPro nas comunicacións coas familias. Indicadores: 1. < 25% 2. 25% - 50% 3. 50% - 75% 4. > 75%				
Valor de partida	0% dos titores					
Valor previsto e data	80% dos titores			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitud dun PFPP cunha liña sobre competencias dixitais.	Equipo directivo	30/09/2022	- Programación do PFPP. - Solicitud do PFPP. - Dispositivos dixitais. - Membros do equipo directivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun grupo de traballo dentro do PFPP solicitado para a formación do profesorado nas aplicacións.	Equipo directivo	30/09/2022	- Programación do PFPP. - Membros do equipo directivo. - Dispositivos dixitais. - Membros do grupo de traballo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Formación do profesorado na aplicación Abalar e AbalarPro a través do PFPP.	Equipo Tic/ Docente Cefore	15/11/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Portátiles. - Dispositivos móbiles. - Proxector. - Docente do Cefore. - Profesorado do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Enquisa sobre os medios e a competencia dixital no ámbito familiar.	Equipo Tic	15/11/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Documento da enquisa. - Recollida da enquisa por parte dos/as titores/as. - Análise dos datos obtidos. - Familias. - Profesorado do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Formación ás familias na aplicación Abalar e AbalarPro.	Titores/as	31/11/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Portátiles. - Dispositivos móbiles. - Proxector. - Familias. - Profesorado do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO (A)							
OBXECTIVO 2	Formar ás familias no Abalar.					Acadado	
Responsable:	Titores					Non	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de pais que empregan a ferramenta Abalar nas comunicacións co centro educativo. Indicadores: 1. < 25% 2. 25% - 50% 3. 50% - 75%						
Valor de partida:	0% das familias empregan a ferramenta Abalar nas comunicacións co centro educativo						
Valor previsto e data:	80% das familias empregan a ferramenta Abalar nas comunicacións co centro educativo					30/10/2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA FIN	PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Formación das familias no Abalar.	Titores	30/09/2022		- Portátiles. - Dispositivos móbiles. - Proxector. - Familias. - Profesorado do centro. - Abalar		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Solicitud dunha titoría por medio do Abalar.	Responsable Abalar	30/10/2022		- Pais/ nais. - Dispositivo móbil. - Responsable Abalar.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Contestación dunha mensaxe	Familias	30/10/2022		- Pais/ nais.		Realizada	

enviada ás familias.			- Dispositivo móvil. - Abalar.		Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F) – COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 3	<i>Incorporar o uso da Aula Virtual á modalidade de ensino - aprendizaxe. (F4-H9-H12)</i>				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO	DO	Porcentaxe de profesorado que empregan a AV como medio de ensino- aprendizaxe. 1. < 25% 2. 25% - 50% 3. 50% - 75% 4. > 75%				
Valor de partida	0% do profesorado do centro incorpora a AV na súa modalidade de ensino- aprendizaxe.					
Valor previsto e data	80% do profesorado do centro incorpora a AV na súa modalidade de ensino- aprendizaxe.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación dun grupo de traballo dentro do PFPP solicitado para a formación do profesorado na AV.	Equipo directivo	30/09/2022	- Programación do PFPP. - Membros do equipo directivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar a través do PFPP formación do profesorado nos aspectos básicos da Av.	Equipo Tic	31/10/2022	- Programación do PFPP. - Membros do equipo directivo. - Solicitud de PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación do profesorado na Av.	Equipo Tic/ Docente Cefore	22/12/2022	- Portátiles. - Dispositivos móbiles. - Proxector. - Docente do Cefore.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.4: Comprobación dos informes da AV.	Equipo Tic	20/06/2023	= Portátiles. = Profesorado do centro. - Informes da Av. - Administrador da Av.			Realizada
						Pendente
						Finalizada

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F) – COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 4	Promover o uso da Aula Virtual por parte do profesorado. (F5-H8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	N.º de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro polo docente implicado.					
Valor de partida	0 actividades propostas polo profesorado.					
Valor previsto e data	3 actividades por cada profesor.			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Creación dos cursos na AV e matriculación dos alumnos e profesorado na Av.	Equipo Tic	31/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Portátil. - Profesorado do centro. - Aula virtual. - Equipo TIC. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Acceso a AV por parte do alumnado para cambiar o contrasinal.	Titor/es	30/11/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Aula de informática. - Portátiles. - Listado cos usuarios e contrasinais de cada aula. - Profesorado do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Creación de actividades para cada unha das materias	Profesorado de cada materia	28/02/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Portátil. - Profesorado do centro. - Aula virtual. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.4: Traballar co alumnado nas actividades propostas.	Profesorado de cada materia.	20/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Aula de informática. - Portátiles. - Profesorado do centro. - Alumnado. - Aula virtual. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 5	Cambiar a aparencia e a funcionalidade da páxina web do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO	DO	Porcentaxe de bloques modificados da páxina web. Indicadores: 1. < 25% 2. 25% - 50% 3. 50% - 75% 4. > 75%				
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos).					
Valor previsto e data	60 % dos bloques da páxina web.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Debate sobre as necesidades que ten que cubrir a páxina web	Equipo Tic	20/12/2022	- Choiva de ideas. - Membros do equipo Tic. - Membros do equipo directivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Proposta de cambios a efectuar na páxina web.	Equipo Tic	20/12/2022	- Papeis. - Bolígrafos. - Portátil. - Proxector. - Membros do equipo Tic. - Membros do equipo directivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A05.3: Reestructuración e modificacións dos bloques da páxina web.	Equipo Tic	20/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Portátil. - Membros do equipo Tic. - Páxina web do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Difusión na comunidade educativa da páxina web do centro.	Equipo Tic	20/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Portátil. - Membros do equipo Tic. - Membros do equipo directivo. - Nota informativa. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 6	Realización de inventario do material informático existente no centro. (C2-C8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de material inventariado.					
Valor de partida	0% do material inventariado.					
Valor previsto e data	100% do material inventariado.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Creación dunha base de datos.	Equipo Tic	30/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Base de datos en LibreOffice calc.. - Membros do equipo Tic. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Inventariar o material informático de Infantil.	Equipo Tic	20/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Cámara fotográfica. - Base de datos. - Portátil. - Membros do equipo Tic. - Inventario. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Inventariar o material informático de Primaria.	Equipo Tic	31/03/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Cámara fotográfica. - Base de datos. - Portátil. - Membros do equipo Tic. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A06.4: Inventariar o material informático da aula de informática e sala de mestres.	Equipo Tic	15/05/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Cámara fotográfica. - Base de datos. - Portátil. - Membros do equipo Tic. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.5: Inventariar o material informático do Equipo Directivo e administración.	Equipo Tic	20/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Cámara fotográfica. - Base de datos. - Portátil. - Membros do equipo Tic. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.6: Retirada do equipamento deficiente.	Profesorado do centro	20/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Espazo para o almacenamento do material deficiente. - Chamada telefónica ao Punto Limpo do Concello. - Profesorado do centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. *Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas*

Dende a administración educativa pretenden potenciar a innovación nos centros educativos desde o ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), por consideralas motor de cambio metodolóxico dende o enfoque das tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento no desenvolvemento curricular. Para ese efecto, o seu obxectivo é desenvolver e potenciar a competencia dixital de docentes, centros educativos e alumnado.

Para iso, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade está a ofrecer **proxectos de innovación educativa aos centros** (E-DIXGAL, Digicraft, Polos Creativos,...) para consolidar a administración dixital, que aportan dotación aos centros educativos públicos como: portátiles, tabletas dixitais, paneis interactivos, carros de almacenamento e carga, proxectores, taboleiros dixitais Interactivos...

Non debemos esquecer que, para que a tecnoloxía poida contribuír a potenciar o ensino e a aprendizaxe é necesario que a infraestrutura dixital esté operativa e sexa fiable e segura, ademais de asequible, ao longo do proceso de desenvolvemento. Sen isto non será posible a súa integración, e na súa ausencia ou as súas limitacións atopamos un dos problemas máis previsibles e, con todo, comúns no proceso de integración.

Baseándonos nas indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para identificar as condicións actuais do centro respecto á infraestrutura, equipamento e servizos dixitais dispoñibles de cara a elaboración do Plan Dixital, as ***necesidades de mellora do CEIP Plurilingüe "Ribadavia" serán as seguintes:***

■ **Infraestrutura dixital:** o centro conta cunha infraestrutura dixital decente. O noso centro posúe conectividade a Internet, telefonía e conexión por cable e sen fíos. Polo que, neste aspecto non precisamos mellora da infraestrutura.

■ **Equipamento:**

– Gran parte do conxunto de **dispositivos tecnolóxicos** cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes son moi antigos. Neste punto é importante mencionar a transformación do centro a finais do curso 2017/2018, xa que o centro pasou de ser **CPI "Tomás de Lemos"** con Educación Secundaria a **CEIP Plurilingüe "Ribadavia"**, só con educación Infantil e educación Primaria. Cando se desfixo, o centro quedou con menos aulas, pero co equipamento ABALAR da antiga ESO, de maneira que se dotaron titorías e especialidades con este material (proxectores, tableiros interactivos, e ordenadores), que a día de hoxe presenta as seguintes características:

x **Ordenadores:** sistemas e software obsoletos, polo que xa non actualizan ou están fallando continuamente. Algúns deles xa non funcionan.

x **Proxectores:** todo o conxunto de proxectores do centro foron proporcionados pola Consellería a través de ABALAR no ano 2010, 2011 e 2015. Os do ano 2010 e 2011 non emiten imaxe nítida, a vida útil da lámpada esgotouse na maioría deles tendo que substituílas por unhas novas e presentan problemas de arrefriamento.

x **Encerados dixitais:** pertencen ao mesmo lote que os proxectores e deixaron de ser interactivos, sendo utilizadas como unha pantalla convencional.

Non contamos con ningún **Tableiro Interactivo** (estes dispositivos ofrecen grandes potencialidades pedagóxicas, e polo tanto, unha serie de vantaxes respecto ao encerado dixital tradicional) e sería necesario poder contar con eles para a mellora da dixitalización.

- Dentro do Plan de Acción o obxectivo 4 a acadar será **facer o inventario dos medios dixitais** do centro. No equipamento dispoñible diferenciaremos o material enviado dende a administración de xeito ordinario, o enviado especificamente como dotación pola participación en proxectos corporativos impulsados pola administración e calquera outro existente nos propios centros.

Todo o equipamento anterior quedará recollido na aplicación de inventario que se porá a disposición dos centros educativos.

- Usos do equipamento por categorías:

- **Aulas dixitalizadas:** con conectividade pero só coa posibilidade de visualización, xa que o equipamento non permite a interacción.
- **Postos de traballo de xestión e administración do centro.** Esta **categoría** está **uberta** pero de xeito deficiente. O centro conta con dous ordenadores MAC moi antigos que xa non se poden actualizar nin descargar aplicacións nin programas recentes. Tampouco permiten a conectividade coa impresora central.

O equipamento de administración e dirección falla continuamente e o centro corre con eses gastos, xa que foi adquirido con cartos do centro.
- **Uso na biblioteca:** Esta **categoría** está **medio uberta** xa que o centro adquiriu cos cartos de funcionamento un ordenador novo para a xestión da catalogación de libros. En canto aos ordenadores de sobremesa para consulta e información, dicir que non se poden empregar por estar obsoletos.
- **Equipos para uso na sala de profesorado:** Esta **categoría** está **uberta** posto que o centro adquiriu 4 ordenadores cos cartos do funcionamento para as tarefas diarias dos mestres.
- **Equipos ultraportátiles para aula móbil:** **Carecemos** de equipos ultraportátiles. Serían un gran recurso para o traballo do día a día tanto na aula coma na casa. Aportaría sesións motivadoras e moi enriquecedoras pero o centro non conta con fondos para poder adquirilos.
- **Aula de informática.** Actualmente na aula de informática desenvólvense as clases de relixión, polo que carecemos dun espazo físico para esta

función. Aínda así, temos que destacar que contamos con 8 ordenadores de sobremesa en estado moi deficiente, non permiten o traballo co alumnado, son lentos e dan erros de maneira continuada.

- Para **proxectos específicos**: O centro está inscrito en proxectos de innovación como o *Plambe, Proxectas, Contratos Programa...* polo que todos os medios tecnolóxicos e dixitais que poidan ter para levar a cabo estes programas facilitarán e enriquecerán moito o traballo.

Ademais, este ano tentará integrarse tamén nos Polos Creativos coa finalidade de poder conseguir novo equipamento.

■ **Servizos dixitais educativos.**

Dentro destes servizos dixitais educativos corporativos entendemos aqueles que facilitan a xestión docente como pode ser:

- ✓ O correo corporativo.
- ✓ A páxina web do centro.
- ✓ A aula virtual.
- ✓ Abalar.

A comunidade educativa do CEIP que o precise, formarase e adquirirá o hábito de usar os catro servizos dixitais mencionados. A situación actual do centro respecto a estes servizos dixitais é:

- **O correo corporativo**: é o medio de comunicación máis utilizado.
- **A páxina web**: é o medio de información coas familias, está en continua actualización.

- **Aula Virtual:** o seu uso e bo proveito pode mellorar tanto por parte do profesorado coma do alumnado.
- **Abalar:** o profesorado do centro ten pouco coñecemento do mesmo e non acostuma a empregalo no proceso de ensino-aprendizaxe.

4. *Avaliación do plan:*

A avaliación é un mecanismo de recollida de información que unha vez valorada serve para tomar determinadas decisións (Lagardera, 1999).

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual:** temos obxectivos que se irán revisando en función dos indicadores. Todos os obxectivos agás o número 2, se avaliarán unha vez ao trimestre tendo en conta as accións propostas e a data prevista de finalización da mesma. No caso de que os resultados non sexan os acadados, realizaremos posibles modificacións das accións e proporemos melloras.

O obxectivo número 2 avaliarémolo segundo as datas previstas en cada unha das accións, xa que debe estar acadado a finais de outubro de 2022.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar serán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora se fosen necesarias.

5. Difusión do plan:

Difundir calquera tipo de nova é imprescindible cando se trata de conseguir obxectivos a nivel de grupo. Sendo un centro educativo unha comunidade formada por profesorado, alumnado e familias, unha boa difusión será moi importante para poder avalialo de maneira positiva ao remate do curso 2022-2023.

Este Plan Dixital será colgado no taboleiro de novas antes do claustro de fin de curso 2021-2022 para que o profesorado o poida valorar. Da mesma maneira, o Consello escolar tamén o poderá consultar e así poder proceder á súa aprobación.

Unha vez aprobado, co comezo do curso 2022-2023, farase unha presentación onde explicaremos os obxectivos do plan de acción que teremos que levar a cabo e acadar entre todos. Asimesmo, publicarase na páxina web do centro.

En conclusión, o noso Plan Dixital pretende ser unha ferramenta que contribúa á formación de bos cidadáns, aqueles que se informen, sexan críticos, traballen polo ben e respecten as diversidades dentro dunha sociedade na que sexan parte activa dun benestar común. O papel do profesorado e as TIC é fundamental, xa que

“ Ás nenas e nenos de hoxe en día débéselles ensinar a pensar, non en que pensar” Margaret Mead.

* 1. Xunta Sans, a tipografía utilizada aquí, foi creada por María Ramos e Noel Pretorius (NM type) para a Xunta de Galicia en 2020.